



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A FUNDACIÓN FRANCISCO AYALA PARA A PUBLICACIÓN DO EPISTOLARIO DE FRANCISCO AYALA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Fundación Francisco Ayala o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 4 de maio ata o 30 de xuño de 2017 (data de remate dos traballos prevista pola Fundación).

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Fundación Francisco Ayala e o Consello da Cultura Galega para a publicación en Internet do Epistolario de Francisco Ayala, que se conserva na Fundación do seu nome, polo que o Consello da Cultura Galega poñerá á súa disposición a aplicación informática “Epistolario”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria, creada ao abeiro do disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía, mediante Lei 8/1983 do 8 de xullo. Cun carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, ao Consello da Cultura Galega compételle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Entre os obxectivos do Consello da Cultura Galega figura o fomento do patrimonio cultural. Entre os diversos proxectos culturais nos que traballa o Consello da Cultura Galega está a difusión dos epistolarios de relevantes persoeiros da cultura de Galicia. Para favorecer esta difusión, o Consello da Cultura Galega desenvolveu a aplicación informática “Epistolario”, que permite a publicación na web destas coleccións de cartas para a súa divulgación e consulta.

A Fundación Ayala é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten por obxecto custodiar o legado creativo, intelectual e material de Francisco Ayala e promover o estudo e difusión da súa obra.

Con este obxectivo a Fundación Francisco Ayala pretende, do mesmo xeito, a difusión na Internet da colección epistolar de Francisco Ayala.

Por este motivo, ambas institucións decidiron colaborar conxuntamente. O Consello da Cultura Galega autoriza a cesión da súa aplicación web “Epistolario”; mentres a Fundación Francisco Ayala se encargará da publicación en Internet das cartas de Francisco Ayala.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 4 de maio de 2016.